

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

ORDE do 6 de agosto de 2019 pola que se modifican os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial e de formación profesional.

Mediante a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 14 de marzo de 2017 (DOG núm. 59, do 24 de marzo), ditáronse as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos cos centros docentes privados para o curso académico 2017/18 e seguintes, de conformidade co establecido na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos.

Mediante a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 10 de agosto de 2017 (DOG núm. 157, do 21 de agosto), aprobáronse os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial e de formación profesional, por un período máximo de 6 cursos académicos ata o final do curso 2022/23; concertos modificados pola Orde do 20 de xullo de 2018 (DOG núm. 154, do 13 de agosto)

De conformidade co artigo 4 da devandita Orde do 14 de marzo de 2017 os concertos educativos que se subscriban ou modifican pola presente orde rematarán ao final do curso 2022/23, sen prexuízo da súa posible modificación dentro do seu período de vixencia seguindo o procedemento do artigo 15 da mesma norma, por instancia de parte ou de oficio.

Por canto antecede, en aplicación do artigo 7 do Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, que aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos, e do artigo 3 do Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Modificación dos concertos educativos vixentes*

1. Modificar os concertos educativos subscritos polos centros docentes privados que se relacionan no anexo I desta orde, nos termos que no mesmo anexo se sinalan.



2. As modificacións a que se refire o punto 1 deste artigo, terán vixencia ata o final do curso 2022/23, sen prexuízo da súa posible modificación con anterioridade de conformidade co artigo 15 da Orde do 14 de marzo de 2017.

Artigo 2. *Desestimación de solicitudes*

Desestimar as solicitudes de modificación ou de subscrición de concerto educativo formuladas polos centros docentes que se relacionan no anexo II da presente orde polos motivos que en cada caso se especifican.

Artigo 3. *Formalización do concerto*

1. As modificacións formalizaranse mediante addenda ao documento administrativo de formalización do concerto educativo suscrito polo centro, que se asinará pola persoa titular do centro privado ou persoa con representación debidamente acreditada e polo director xeral de Centros e Recursos Humanos, de conformidade co artigo 4 da Orde do 5 de decembro de 2018 de delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

2. Se a persoa titular do centro non subscribise a addenda ao documento administrativo de formalización na data que se lle notifique, entenderase decaída no seu dereito.

Artigo 4. *Efectos da modificación*

As modificacións ás que se refire esta orde terán efectos económicos e administrativos desde o día 1 de setembro de 2019.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben, directamente, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2019

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional



ANEXO I

**Modificacións realizadas de conformidade co artigo 15
da Orde do 14 de marzo de 2017**

a) Educación infantil.

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15020489	CPR Plurilingüe Montespino	Culleredo	A Coruña	Concertar 2 unidades
15010794	CPR Plurilingüe Jaime Balmes	Noia	A Coruña	Incrementar o concerto 1 unidade
15015241	CPR Plurilingüe Ntra. Sra. Inmaculada	Santa Comba	A Coruña	Incrementar o concerto 1 unidade
36009925	CPR Plurilingüe Amor de Dios	Vigo	Pontevedra	Suprimir o concerto 1 unidade
36011257	CPR Plurilingüe El Pilar	Vigo	Pontevedra	Incrementar o concerto 1 unidade
36011831	CPR Plurilingüe Las Acacias	Vigo	Pontevedra	Suprimir o concerto 2 unidades
36025037	CPR Plurilingüe Las Acacias-Montecastelo	Vigo	Pontevedra	Concertar 4 unidades

b) Educación primaria (EP) e educación secundaria obrigatoria (ESO).

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15032157	CPR Plurilingüe Andaina	Culleredo	A Coruña	Incrementar o concerto 1 unidade de EP
15013497	CPR Luís Vives	Pontedeume	A Coruña	Incrementar o concerto 1 unidade de EP
15015366	CPR Casa do Neno	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Incrementar o concerto 1 unidade de EP
32016731	CPR Malvedo	Coles	Ourense	Incrementar o concerto 1 unidade de ESO (1º/2º curso) Horas de orientación: 16
32009062	CPR Cardenal Cisneros	Ourense	Ourense	Suprimir o concerto 1 unidade de EP
32016194	CPR Plurilingüe Guillelme Brown	Pereiro de Aguiar, O	Ourense	Concertar 1 unidade de ESO (1º/2º curso)
32020720	CPR Plurilingüe Miraflores	Pereiro de Aguiar, O	Ourense	Concertar 1 unidade de ESO (1º/2º curso)
36016115	CPR Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	Incrementar 1 unidade de EP
36004113	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón	Lalín	Pontevedra	Suprimir o concerto 1 unidade de EP Suprimir o concerto 1 unidade de ESO (3º/4º curso) Suprimir 1 hora de orientación
36011831	CPR Plurilingüe Las Acacias	Vigo	Pontevedra	Suprimir o concerto de EP (6 unidades) Suprimir o concerto de ESO: 2 unidades de (1º/2º) e 2 unidades de (3º/4º) Suprimir 16 horas de orientación



Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
36011191	CPR Plurilingüe Montecastelo	Vigo	Pontevedra	Suprimir o concerto de EP (6 unidades) Suprimir o concerto de ESO: 2 unidades de (1º/2º) e 2 unidades de (3º/4º) Suprimir 16 horas de orientación
36025037	CPR Plurilingüe Las Acacias-Montecastelo	Vigo	Pontevedra	Concertar 12 unidades de EP Concertar 8 unidades de ESO: 4 unidades de (1º e 2º) e 4 unidades de (3º e 4º) Total de horas de orientación 25

c) Educación especial.

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
27006243	CPR María Auxiliadora	Lugo	Lugo	Incrementar o concerto en 1 unidade-plurideficientes
32008446	CPR Concepción Arenal	Ourense	Ourense	Incrementar o concerto en 1 unidade-psíquicos
36000429	CPR Plurilingüe La Encarnación	Caldas de Reis	Pontevedra	Concertar 1 unidade-plurideficientes
36016115	CPR Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	Incrementar o concerto en 1 unidade-psíquicos
36003960	CPR Plurilingüe Padres Somascos	Guarda, A	Pontevedra	Concertar 1 unidade-plurideficientes
36004113	Sagrado Corazón	Lalín	Pontevedra	Concertar 1 unidade-plurideficientes

d) Formación profesional básica.

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15020431	CPR Agarimo	Arteixo	Coruña, A	Concertar o 1º curso do ciclo de Cociña e Restauración (1 unidade)
15032431	CPR Aula Nosa	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 1º curso do ciclo de Informática de Oficina (1 unidade)
15026649	CPR Divino Maestro	Pobra do Caramiñal, A	Coruña, A	Concertar o 1º curso de Servizos Administrativos (1 unidade)
36018033	CPR Plurilingüe Vigo	Redondela	Vigo	Concertar o 1º curso de Servizos Comerciais (1 unidade)

e) Ciclos formativos de grao medio de formación profesional.

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15004265	CPR Plurilingüe Liceo La Paz	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 1º curso do ciclo Emerxencias Sanitarias (1 unidade)
15010769	CPR Plurilingüe María Assumpta	Noia	Coruña, A	Suprimir o concerto do 2º curso do ciclo Xestión Administrativa (1 unidade)



Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
36011191	CPR Plurilingüe Montecastelo	Vigo	Pontevedra	Suprimir o concerto de 1º e 2º curso do ciclo Sistemas Microinformáticos e Redes (2 unidades) Suprimir o concerto de 1º e 2º cursos do ciclo de Instalacións Eléctricas e Automáticas (2 unidades)
36025037	CPR Plurilingüe Las Acacias-Montecastelo	Vigo	Pontevedra	Concertar 1º e 2º curso do ciclo Sistemas Microinformáticos e Redes (2 unidades) Concertar 1º e 2º curso do ciclo Instalacións eléctricas e automáticas (2 unidades)

f) Ciclos formativos de grao superior de formación profesional.

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15021974	EFAG Fonteboa	Coristanco	Coruña, A	Concertar 2º curso do ciclo de Paisaxismo e Medio Rural
15010769	CPR Plurilingüe María Assumpta	Noia	Coruña, A	Concertar o 2º curso do ciclo Xestión de Ventas e Espacios Comerciais (1 unidade)
27011718	CPR Belarmino Fernández Iglesias	Sober	Lugo	Concertar o 2º curso do ciclo de Vitivinicultura (1 unidade)
36005427	CPR Plurilingüe Lar	Mos	Pontevedra	Concertar o 2º curso do ciclo de Ensinanza e Animación Sociodeportiva (1 unidade) Concertar o 1º curso do ciclo de Integración Social (1 unidade)
36011191	CPR Plurilingüe Montecastelo	Vigo	Pontevedra	Suprimir o concerto de 1º e 2º curso do ciclo Automatización e Robótica Industrial (2 unidades)
36025037	CPR Plurilingüe Las Acacias-Montecastelo	Vigo	Pontevedra	Concertar 1º e 2º curso do ciclo Automatización e Robótica Industrial (2 unidades)

ANEXO II

Solicitudes de modificación ou subscrición desestimadas

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
	Centro de Formación Profesional San Eloy	Vigo	Pontevedra	Non existe necesidade de concerto destas ensinanzas; non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de marzo de 2017
	Amadahi	Oleiros	Coruña, A	O centro non dispón de autorización de apertura e funcionamento, segundo o artigo 3 da Orde do 14 de marzo de 2017
36016152	Divino Maestro	Vigo	Vigo	O centro non dispón de autorización de apertura e funcionamento, segundo o artigo 3 da Orde do 14 de marzo de 2017

